



ANUNCIO

A Alcaldía con data 22-03-2023, ditou a Resolución 423/2023 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE TÉCNICA DE TURISMO PARA O “PROGRAMA DE ATENCIÓN TURÍSTICA NO ANO 2023 DO CONCELLO DE VIMIANZO”
Expediente: 2023/E001/000005

Expediente relacionado: 2021/E001/000015

ANTECEDENTES

Por Resolución de Alcaldía núm. 1056/2021, con data do 28/10/2021, aprobouse a bolsa de emprego para a cobertura do postos de técnicos/as de Turismo no Concello de Vimianzo, como funcionario/a interino/a, A2, que ten unha validez de tres anos contados a partir da súa publicación no Taboleiro da sede electrónica do concello (28/10/2021).

Ten dedicación a tarefas de Turismo a técnica de Desenvolvemento Local deste concello, pero considérase insuficiente en época de gran afluencia de turistas (a partir da Semana Santa) e precísase de outro técnico adicional.

Consta no expediente o documento que recolle a memoria do “Programa de atención turística no ano 2023 do Concello de Vimianzo”.

Mediante providencia de Alcaldía do 20/03/2023 ordeouse que pola subárea de Desenvolvemento Local e a Secretaría se procedese a realizar os trámites necesarios para o chamamento a partir da Bolsa de Emprego para a cobertura do postos de técnicos/as de Turismo no Concello de Vimianzo aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 1056/2021, con data do 28/10/2021, e publicada na Sede Electrónica o 28/10/2021.

Consta informe favorable de Intervención con data do 22/03/2023.

Consta informe da técnica de Desenvolvemento Local favorable relativo á documentación presentada pola candidata datado no 22/03/2023.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A provisión de postos como funcionarios interinos para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, está regulada no artigo 10.1.c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015, de 30 de outubro.

Tense en consideración a atribución concedida á alcaldesa polo artigo 21.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.



Visto canto antecede, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Dispoñer o nomeamento como técnica de Turismo, funcionaria interina, para o desenvolvemento do “Programa de atención turística no ano 2023 do Concello de Vimianzo”, de María Victoria Amigo Méndez, con DNI [REDACTED], establecer a data de toma de posesión o día 27/03/2023.

A praza está encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A, Subgrupo A2 e nivel de complemento de destino 16.

[...]”

Vimianzo, 17 de abril de 2023

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez